



Retribucións 2025

www.cig-ensino.gal

Táboas actualizadas a xaneiro de 2025

Pendente a suba do 0,5%

RETRIBUCIÓN BÁSICAS

Concepto	Grupo A2		Grupo A1	
	Mestres nivel 21	PSSFP nivel 24	PES nivel 24	Cátedras nivel 26
Salario	€1.147,35	€1.147,35	€1.326,90	€1.326,90
Complemento de destino	€566,36	€697,43	€697,43	€835,38
Complemento específico	€745,39	€745,39	€745,39	€805,19
Titoría e outras funcións docentes	€62,63	€62,63	€62,63	€62,63
Total	€2.521,73	€2.652,80	€2.832,35	€3.030,10
Trienios	€41,65	€41,65	€51,07	€51,07

IPC Galego: Representa o 0,3784%, das retribucións brutas de cada persoa perceptora

Cargos

Tipoloxía de centro	A	B	C	D
Centros de Educación Infantil, Primaria e Educación Especial				
Dirección	€662,51	€603,50	€447,82	€341,53
X. de Estudos e Secretaría	€256,61	€243,53	€237,00	€184,75
X. Dep. de Orientación, Coordinación ENDL, CRA				€79,39
Responsábel de centros de menos de 3 unidades				€119,39
Centros de Educación Secundaria, FP e Réxime Especial				
Dirección	€799,57	€694,26	€632,26	€576,17
O complemento de dirección é o único parcialmente consolidábel en función do tempo de permanencia no cargo: 4 anos: 25%. 8 anos: 15%. 12 anos: 20%. Consolidación máxima: 60%				
Vicedirección, X. Estudos e Secretaría	€374,15	€367,68	€276,19	€243,53
X. de Departamento, Coordinacións, EPAPU e ENDL				€79,39
Complemento para Mestres/as no 1º Ciclo da ESO				€131,08
Complemento PTFP a extinguir				€151,37

Outros postos de traballo

Membro dun Equipo de Orientación Específico	€374,15
CAFI-CEFORES. Dirección	€694,26
CAFI-CEFORES. Asesoría	€374,15

Sexenios

1º Sexenio	2º Sexenio	3º Sexenio	4º Sexenio	5º Sexenio
€85,02	€109,31	€145,76	€206,46	€60,71

Pagas Extraordinarias

A paga extra componse do **salario base recortado** (Grupo A2: 836,78€ e grupo A1: 818,82 €), os **trienios recortados** (Grupo A2: 30,37€ e grupo A1 : 31,53€) e o **resto dos conceptos retributivos completos** (destino, específico, titoría, cargos).


Descontos

Concepto	Grupo A1	Grupo A2	
Pasivos*	€118,04	€92,90	Funcionariado de carreira
Muface*	€51,68	€40,68	Funcionariado de carreira
Cota obreira	Persoal interino e funcionariado de carreira desde 2011: Cont. comúns: 4,70% (MEI): 0,13% Coeficiente reductor		
Retencións IRPF	Segundo retribucións anuais e situación persoal		

*Nas nóminas de xuño e decembro, nas que se inclúen as extras, a cota de Pasivos e MUFACE é dupla

Confírmase a perda de poder adquisitivo

Balance final do acordo salarial 2022-24 no sector público



As reiteradas denuncias da CIG nestes anos, desde a propia negociación, estaban fundamentadas: o acordo retributivo estatal, asinado por CCOO e UGT co goberno estatal para os anos 2022-2024, supón unha nova perda de poder adquisitivo para os empregados e empregadas públicas.

Rematada a vixencia do acordo que en 2022 asinaron estes dous sindicatos, coa oposición frontal da CIG, xa podemos tirar conclusións e facer un resumo do acontecido ao longo destes tres anos.

- A comezos do ano 2022 CCOO e UGT asinan unha suba salarial do 1,5% cando o IPC estaba daquela no 4% e, no mes de setembro, cando asinan dito acordo, engaden unha suba salarial con carácter retroactivo do 2%. É dicir, un 3,5% en total para aquel ano, cando nese momento levabamos tres meses consecutivos co IPC interanual por riba do 10%. Ao final de ano confírmase o que era obvio, unha perda de poder adquisitivo do 2,8%.
- Para o ano 2023 o acordo fixaba unha suba do 2,5%, ao que se engadirán dúas subas do 0,5%, ao pasar o IPC harmonizado e o PIB do 6%. É dicir, a suba total é do 3,5% rematando o ano cun IPC do 3,10%. A suba por riba do IPC non compensaba a perda do ano anterior.
- No 2024 a suba foi do 2%, aumentando un 0,5% máis ao ser o IPC harmonizado dos últimos tres anos maior do 8%. Esta última subida aínda non sabemos cando se vai facer efectiva mais, en todo caso, nesta análise a CIG xa a computa (quedando no 2,5%) e confirma que a perda do poder adquisitivo do ano pasado foi de 0,3%, ao ser o IPC interanual do 2,8%.


Polo tanto, o balance final destes tres anos danos unha suba salarial do 9,8% fronte a unha suba do IPC do 12,10%. É dicir, pechamos este trienio cunha suba dos salarios dos empregados e empregadas públicas por debaixo do aumento do custo da vida. Que este sexa o resultado dun acordo sindical fai que sexa todo aínda máis vergoñento e que aconteza nun momento no que se nos intenta vender unha mellora da economía resulta aínda máis rechamante.

Máis incomprensible aínda é o feito de que se negue a vinculación da revalorización dos salarios ao IPC cando

Perder cartos por traballar: negan aos salarios a suba que se recoñece para as pensións e fannos perder un 20% desde 2010

o propio goberno si acepta para as pensións indexar a suba ao IPC medio. Se se aplicase o mesmo criterio ás retribucións dos e das empregadas públicas que se empregou para as subas destes anos para as pensións, o incremento sería dun 15,8%. É dicir, as nóminas no sector público subiron un 6% menos nestes tres anos que as pensións.

A dignificación do noso traballo pasa por unhas




retribucións xustas e que non se permita que perdamos poder adquisitivo. Porén, levamos máis de quince anos, con gobernos tanto do PSOE como do PP, sufrindo unha depreciación continuada dos nosos salarios. Desde o 2010 o noso poder adquisitivo reduciuse en case un vinte por cen (19,69%). Nunca se aceptou a proposta da CIG de incrementar os soldos un 5% cada ano cunha cláusula de revisión salarial.

Todo isto sen esquecer que seguimos coas pagas extras recortadas, tanto por decisións dos gobernos estatais como do galego. A Xunta do PP negouse a devolver a

parte das extras recortadas entre os anos 2012 a 2016, rexeitando a proposta da CIG de negociar un plan de recuperación dese diñeiro arrebatado, que supón **unha media de 6300€ para o persoal docente. O goberno estatal mantén o recorte que temos no salario base e nos trienios das dúas pagas extraordinarias.**

Evolución IPC-Salarios 2010-24



Un acordo para o persoal docente que só mellora na segregación.

En outubro de 2023 incluíuse unha suba salarial no vergoñento acordo asinado co presidente Rueda e unha minoría sindical (CCOO, UGT, ANPE). Os cartos foron usados novamente como esmola e coartada para traizoar o profesorado. Aquel acordo mal denominado de melloras rompeu a tendencia dos últimos de 30 anos no que ten que ver con incrementos salariais. Nos acordos retributivos aplicados ao persoal docente desde 1990 as subas foron sempre lineais, é dicir, a mesma contía para todo o profesorado. Neste último acordo, as subas, salvo a relativa ao complemento de titoría (que tan só implica un incremento de 10€ brutos en dous anos), limítanse a unha parte do profesorado ao se aplicar só nos sexenios, cargos directivos, persoal de inspección ou de CEFORE, CIEDIX, CGIFP, asesorías, EOE ou responsábeis de centros de menos de tres unidades.

A proposta da CIG-Enseño naquela negociación foi sinxela: dividir a masa salarial ofrecida pola Consellaría entre todo o profesorado, garantindo equidade e unha suba aceptábel, e non a miseria de subir tan só a titoría un 10% a quen non ten cargos nin antigüidade. **Nun contexto de cambio xeracional tan importante, con miles de docentes incorporados con moi pouca ou ningunha antigüidade, é indecente deixar tirada a maioría do profesorado nunha proposta de incremento salarial.**

A proposta da CIG para 2025: recuperación e vinculación co IPC

Establecer unha **cláusula de garantía salarial real, ligada ao IPC e blindada por lei**, para garantir que se mantenga o poder adquisitivo das e dos empregados públicos.

Aplicar unha **suba salarial do 5% para o ano 2025**, como primeiro paso para a recuperación económica do persoal empregado público.

Negociar a **recuperación do poder adquisitivo perdido**; cando menos, como froito do último acordo (o que implicaría asumir o que a CIG propuxo no 2022: igualar co IPC ao final do ano se a suba ficaba por baixo dos prezos).

Quen fai a lei, fai a trampa

A CIG-Enseño denunciou, unha vez revisada a nómina do mes de xaneiro, que o aumento nos sexenios e na titoría non foi do 10% sobre a cantidade que percibiamos en 2024. É dicir, neste mes de xaneiro de 2025 volveron tomar como referencia o soldo de 2023, reducindo así o incremento real.

As contías que nos furtan son, nestes exemplos, as seguintes:

- Na titoría soben 5,22€ no canto de 5,74€. **A Consellaría queda con 0,52€ por docente.**
- Para quen teña 3 sexenios a suba quédase en 28,33€ en vez de chegar a 31,17€. **A Consellaría queda con 2,84€ por docente.**
- Quen teña 5 sexenios cobrará 50,59€ máis que no 2024, cando a suba debería ser de 55,67€. **A Consellaría queda con 5,08€ por docente.**

A sacuma a nivel individual ten a relevancia que ten para cadaquén, mais se pensamos no que implica para máis de 30.000 docentes é doado entender que hai erros que non parecen tal cousa.

Hai que ter en conta que chove sobre mollado: no verán de 2024 a CIG-Enseño denunciou publicamente que a Xunta non ía aplicar a suba do 2% nos complementos afectados polo “acordo da vergoña”: unha vez descuberta a xogada, a Xunta rectificou, alegando que se trataba dun erro e que xa o solucionara internamente con Facenda e aplicaba esa suba.

A CIG-Enseño exixiu que a Consellaría deixase de rapinar e rectificase novamente, aplicando a suba como tiña que facer.

Na Mesa Sectorial do 4 de febreiro instamos á Consellaría a rectificar. A resposta é que non era un erro,

que sabían o que facían e que iso foi o acordado (o que é mentira e abonda con ler o DOG). Os tres sindicatos asinantes do acordo non abriron a boca. Impresentábel por ambas partes.

Como acontece noutros aspectos do “acordo da vergoña” (ratios, aulas mixtas, cómputo de alumnado con discapacidade) ou doutros como o do persoal interino, a CIG-Ensino vai seguir fiscalizando os reiterados incumprimentos que se dean. Non ser parte dun mal acordo non limitou nunca ao sindicato maioritario a denunciar todas as falcatuadas que comete a administración. Se enganan o profesorado non imos mirar cara outro lado aínda que non sexamos parte ou cómplices do engano.

Mantense o recorte das pagas extras

RECORTE ANUAL NAS EXTRAS. ANO 2025			
DOCENTES	1 trienio	3 trienios	10 trienios
SUBGRUPO A1	€ 1.055,24	€ 1.133,40	€ 1.406,96
SUBGRUPO A2	€ 643,70	€ 688,82	€ 846,74

Un ano máis seguiremos co recorte imposto nas pagas extras polo goberno Zapatero no 2010 e mantido despois polos gobernos Rajoy e Sánchez. Este recorte afecta aos conceptos do salario base e trienios, ambos dependentes da lexislación estatal. O que perdemos son cantidades relevantes e, se temos en conta que ese recorte leva implantado 15 anos, a débeda que o Estado ten coas empregadas e empregados públicos é enorme. Tan só neste ano 2025 un docente con tres trienios dalgún corpo do subgrupo A1 ve recortados os seus ingresos anuais en 1.406,97€; unha contía que no subgrupo A2 é de 864,74€.

A todo ese desfase temos que engadir o feito de que a Xunta sexa o único goberno autonómico que non

negociou un plan de recuperación de todo o que nos roubou nas extras, nos complementos que dependen da Consellaría entre 2012 e 2016 (específico, sexenios, titoría, cargos, coordinacións...), unha contía que a CIG-Ensino cifrou nunha media superior aos 6.300€ por docente.

Se es persoal substituto, dobre castigo

No 2025 cúmprense 14 anos dun atentado aos dereitos do persoal docente que encadea substitucións: foi nese ano cando se deixou de pagar integramente os dous meses de verán a quen traballa durante un mínimo de cinco meses e medio. Aquel fora un dos escasos logros acadados nas últimas décadas e cortouse de raíz coa conivencia, ou cando menos a inacción, dos sindicatos asinantes do acordo do persoal interino.

Ese cobro dos meses de verán foi un logro da loita do colectivo de persoal interino na folga convocada no ano 2007 e promovida pola CIG-Ensino. A CIG-Ensino non asinara aquela mellora, malia ser unha das súas reivindicacións porque non se cumpriu o obxectivo fundamental que motivou as mobilizacións: a incorporación dunha cláusula de estabilidade para, como mínimo, o persoal interino de maior idade ou maior antigüidade.

Lamentamos que nestes catorce anos se fosen incorporando diferentes addendas ao acordo que regula as condicións de traballo do persoal interino sen que as organizacións asinantes fixesen nada ao respecto co tema do pago do verán. Neste ano 2025 a Lei de Orzamentos da Xunta volve incorporar a negativa a ese pago, rexeitando unha das emendas que o sindicato trasladou na negociación.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º Andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal